

prevista no artigo 105.A.2 do Tratado, o Ministerio de Economía e Facenda acordará a cuñación de moeda metálica e, en particular:»

Disposición transitoria única. *Aplicación das normas relativas ó coeficiente de caixa.*

Non obstante, o previsto na disposición derogatoria da presente Lei, as normas relativas ó coeficiente de caixa contidas na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre Disciplina e Intervención das Entidades de Crédito, e, en particular, as dos artigos 4.n) e 5.g) e 10.b) serán de aplicación ás infraccións cometidas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición. Nestes casos, a competencia para instruír e resolve-los expedientes corresponderalle ó Banco de España.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogados os seguintes preceptos da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito:

- A letra n) do artigo 4.
- A letra g) do artigo 5.
- A letra b) do artigo 10.

2. Queda derogada a disposición adicional segunda da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1988.

3. Queda derogado o artigo 18 do Decreto-lei 18/1962, do 7 de xuño, de Nacionalización e Reorganización do Banco de España.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 18 da Lei de Disciplina e Intervención das Entidades de Crédito.*

O artigo 18 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre Disciplina e Intervención das Entidades de Crédito, quedará redactado como segue:

«Artigo 18.

Sen prexuízo do disposto no artigo 42 desta lei, a competencia para a instrución dos expedientes a que se refire este Título e para a imposición das sancións correspondentes, rexeráse polas seguintes regras:

- a) Será competente para a instrución dos expedientes o Banco de España.
- b) A imposición de sancións por infraccións graves e leves corresponderalle ó Banco de España.
- c) A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderalle ó Ministro de Economía e Facenda, por proposta do Banco de España, agás a de revocación da autorización, que impondrá o Consello de Ministros.»

Disposición derradeira segunda. *Beneficios do Banco de España.*

Reglamentariamente determinarase o réxime de ingreso no Tesouro Público dos beneficios do Banco de España.

Disposición derradeira terceira.

A presente Lei entrará en vigor a partir da data de participación de España na terceira fase da Unión Eco-

nómica e Monetaria, sempre e cando España non sexa un Estado membro acollido a unha excepción, conforme o recollido no artigo 109.K) do Tratado,

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de abril de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

10407 LEI 13/1998, do 4 de maio, de Ordenación do Mercado de Tabacos e Normativa Tributaria. («BOE» 107, de 5-5-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte Lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 38/1985, do 22 de novembro, do Monopolio Fiscal de Tabacos, dictada con motivo da incorporación de España ás Comunidades Europeas, debe ser reformada para aplicar no sector tabaqueiro español o principio de «liberdade de empresa», consagrado no artigo 38 da Constitución, ás actividades de elaboración, importación e venda por xunto dos produtos do tabaco. A liberalización das ditas actividades prodúcese tanto porque non subsisten razóns para seguir aplicando nesas fases a excepción autorizada polo artigo 128.2 da Constitución española ó principio xeral de liberdade da iniciativa privada que predica o artigo 38 da propia Constitución, como por ser coherente coa introducción de elementos liberalizadores da economía que comporta o proceso de privatización de empresas públicas en curso. Isto supón estende-la aplicación ós elaborados do tabaco orixinarios de terceiros países do réxime existente para os produtos comunitarios desde 1986.

Trátase, por tanto, de substituír para as citadas fases a intervención do Estado no mercado do tabaco por unha nova actividade meramente reguladora ou de vixilancia que salvagarde a aplicación dos criterios de neutralidade e as condicións de libre competencia efectiva, de tal xeito que, deixando actuar a tódolos suxeitos que o desexen, un órgano estatal supervise o correcto desenvolvemento de tal actividade empresarial. En consecuencia, a nova Lei suprime os actuais monopolios de fabricación, de importación e de comercio por xunto para os elaborados de tabaco non procedentes dos Estados membros da Unión Europea.

A nova normativa mantén, en cambio, seguindo a xurisprudencia comunitaria e a súa recente sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 14 de decembro de 1995 (asunto C-387/93 «Caso Bancharo»), o monopolio do comercio ó retallo de elaborados de tabaco a favor do Estado a través da Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre. O mantemento da titularidade do Estado no monopolio do comercio ó retallo de elaborados de tabaco, que continúa revestindo o carácter de servizo público, constitúe un instrumento fundamental e irrenunciable do Estado para o control dun produto estancado como é o tabaco con notable repercusión alfandegaria e tributaria. Ademais, a continuidade da ampla rede retallista de expendedorías de

tabaco e timbre, con garantía probada de neutralidade, evita a aparición de oligopolios que poderían afectar negativamente a tal neutralidade, recorta-lo dereito de opción do consumidor e promócionalo consumo de tabaco, garántelle ó adquirente a regularidade no abastecemento e a legalidade e adecuada conservación dos produtos, asegura a venda de efectos timbrados e signos de franqueo en todo o territorio nacional e propicia unha vinculación máis ampla coa rede de establecementos de Loterías, Apostas e Xogos do Estado.

Recóllese, así mesmo, a prohibición de os fabricantes, importadores ou distribuidores por xunto realizaren actividades promocionais destinadas ós expendedores de tabaco e timbre ou ós puntos autorizados para a venda con recarga, pois as tales prácticas poderían alteralos principios de neutralidade e de igualdade da rede retalista, evitando, deste xeito, calquera tipo de presión de forma contraria ós principios sanitarios que presiden a loita contra o tabaquismo.

Establécese que o acceso á titularidade dunha expendeduría se realizará logo de convocatoria de concursos con bases non discriminatorias, obxectivas e transparentes, baseadas en criterios comerciais, de rendibilidade, de servizo público, de distancias entre expendedurías e de poboación. As condicións de exercicio de tal actividade configuraranse no Estatuto Concesional que aprobará o Goberno, no cal se potenciará o carácter comercial das expendedurías para a mellor atención do servizo público no tempo e o espazo.

A Lei crea o Comisionado para o Mercado de Tabacos como Organismo autónomo que substituirá a Delegación do Goberno no Monopolio de Tabacos. O Comisionado rexerá pola presente Lei, as disposicións do Título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, e os Estatutos que aprobe o Goberno. As funcións do Organismo céntranse nas de índole reguladora ou de vixilancia para salvagardar de maneira neutral a aplicación das condicións de libre competencia efectiva por parte dos operadores no mercado de tabacos; o Comisionado constituirá tamén o órgano de interlocución e relación cos distintos operadores do mercado de tabacos e as organizacións que os representen.

Como garantía da aplicación dos preceptos da presente Lei, tipifícanse as infraccións por violación das regras de ordenación do mercado de tabacos que ela establece, sen incidir nas xa consideradas noutras normas legais de distinto carácter aplicables ó sector, e establécense as pertinentes sancións para os infractores.

Cabe salientar, por último, que a presente norma legal non leva consigo alteracións das actuais restriccións sanitarias en materia de publicidade e venda de tabacos, nin supón ningunha modificación da Lei Orgánica 12/1985, do 12 de decembro, de Represión do Contrabando.

Artigo 1. *Liberalización do mercado de tabacos.*

Un. Liberalízase o mercado de tabacos coas limitacións establecidas na presente lei e, en consecuencia, decláranse extinguidos no territorio peninsular, illas Baleares, Ceuta e Melilla o monopolio de fabricación e o monopolio de importación e de comercialización por xunto de elaborados de tabaco manufacturado non comunitarios, contidos na Lei 38/1985, do 22 de novembro, do Monopolio Fiscal de Tabacos.

Dous. Calquera persoa física ou xurídica con capacidade legal para o exercicio do comercio poderá realizar as actividades enunciadas no punto un, na forma e coas condicións que se establecen nos artigos 2 e 3 desta lei. Non obstante, non poderán desenvolver tales

actividades as que estean incursas ou incorran nalgunha das seguintes situacións:

a) Estar declarada en quebra ou suspensión de pagamentos en España ou situacións equivalentes no seu país de orixe, ou incursa en procedemento de constrinximento como debedora de calquera Administración pública.

b) Estar condenada ou sancionada mediante sentenza firme ou resolución administrativa de igual carácter por delicto ou infracción administrativa de contrabando ou por delicto contra a Facenda Pública.

c) Ser titular dunha expendeduría de tabaco e timbre, dunha autorización de punto de venda con recarga ou dunha expendeduría de tabacos de réxime especial das previstas na disposición adicional sétima desta lei.

Tres. Para a comercialización ó retallo dos elaborados de tabaco en España, con excepción das illas Canarias, observárase o disposto no artigo 4 da presente lei.

Artigo 2. *Réxime xurídico da fabricación de elaborados de tabaco.*

Un. A instalación de novos centros fabrís para a produción de elaborados de tabaco será libre, sempre que se cumpran os requisitos xerais establecidos nas normas para a apertura de centros fabrís e os demais esixidos pola lexislación vixente.

Dous. Ademais do anterior, o establecemento de novos fabricantes no ámbito territorial a que se refire o artigo 1.un requirirá licenza administrativa, logo de comprobación polo Comisionado para o Mercado de Tabacos das condicións sobre a adecuada capacidade técnica e empresarial, solvencia financeira dos fabricantes e idoneidade das condicións de almacenamento ou dos elaborados producidos, que se establecerán regulamentariamente.

Artigo 3. *Réxime xurídico da importación e distribución por xunto dos elaborados de tabaco.*

Un. Será libre a importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco, calquera que sexa a súa procedencia, sen máis requisito que a obtención de licenza administrativa, logo de que o Comisionado para o Mercado de Tabacos comprobe que se cumpren as condicións establecidas nos puntos dous e tres seguintes.

Dous. A licenza para a importación en territorio peninsular español, illas Baleares, Ceuta e Melilla de elaborados de tabaco outorgárase logo de que o Comisionado comprobe o cumprimento do requisito consignado na alínea b) do punto tres seguinte, salvo que o importador asegure a remisión directa do produto ó almacén de calquera dos fabricantes ou distribuidores por xunto autorizados.

Tres. A licenza para a distribución por xunto, no ámbito territorial a que se refire o artigo 1, punto un, outorgárase logo de o petionario acreditar ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos a súa capacidade de prestación do servizo, entendéndose por tal o cumprimento dos seguintes requisitos co alcance que se establecerá regulamentariamente:

a) Capacidade técnica, empresarial, contable e financeira proporcionada ó volume de negocio previsto.

b) Titularidade de uso de almacéns en territorio alfofandegario español que permitan o correcto almacenamento, e en condicións de seguridade, dos produtos, así como a fácil comprobación pola Administración dos elaborados de tabaco almacenados, a súa orixe e os seus movementos.

c) Posibilidade de utilización de medios de transporte exclusivo, sexan propios ou alleos, que, en réxime de exclusiva dirección polo distribuidor por xunto, permita a distribución puntual dos elaborados de tabaco ata as expendedorías. Non obstante, o Comisionado para o Mercado de Tabacos poderá autorizar que se poida simultaneamente a dita distribución coa doutras mercadorías determinadas, nas condicións que se fixen regulamentariamente.

Catro. Os distribuidores por xunto, que non poderán ser titulares dunha expendedoría de tabaco e timbre nin dunha autorización de punto de venda con recarga, só poderán subministrar tabaco elaborado ós expendedores de tabaco e timbre e non poderán remunerar a estes máis que coa retribución establecida por esta lei. Os prazos de pagamento e calquera outra condición de crédito e distribución ó expendedor estableceraas libremente o distribuidor por xunto, logo de autorización do Comisionado nos termos que se sinalen regulamentariamente, e serán homoxéneas para todo o territorio a que se refire o artigo 1, punto un, de modo que se garanta a neutralidade da subministración.

Cinco. O distribuidor por xunto subministrará os produtos que distribúa con regularidade e garantía de cobertura das subministracións, en similares condicións de servizo e prazos de entrega para tódolos expendedores, independentemente da localización xeográfica destes. Entenderase por regularidade, para os efectos deste artigo, a subministración como mínimo coa periodicidade que se fixe nas normas regulamentarias e, ademais, sempre que o pedido alcance o mínimo que aquelas establezan, aínda que non transcorrese o período máximo de subministración.

Seis. Os fabricantes, importadores e distribuidores por xunto non poderán financiar, directa ou indirectamente, as organizacións representativas dos expendedores e dos autorizados para a venda con recarga. Calquera acordo, con ou sen contido económico, relacionado co tabaco ou alio a el, deberase someter á aprobación do Comisionado, que resolverá no prazo dun mes.

Artigo 4. *Do Comercio ó retallo de elaborados de tabaco.*

Un. O comercio ó retallo de elaborados de tabaco en España, con excepción das illas Canarias, mantense en réxime de monopolio, do que é titular o Estado, que o exerce a través da Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre.

Dous. Os prezos de venda ó público dos distintos tipos, marcas e modalidades de tabaco destinados a seren comercializados en España, con excepción das illas Canarias, serán determinados polos fabricantes ou, se for o caso, polos seus representantes ou mandatarios na Unión Europea, no caso dos producidos dentro dela, de acordo co establecido no artigo 9, número 1, segundo parágrafo, da directiva 95/59/CE do Consello, do 27 de novembro de 1995. No suposto dos elaborados fóra do dito territorio, serán determinados polo seu importador. Os fabricantes e importadores porán os prezos en coñecemento tanto do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para os efectos previstos na normativa reguladora dos Impostos Especiais, como do Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos para efectos da súa publicación, no prazo máximo dun mes, no «Boletín Oficial del Estado», para a súa publicidade e eficacia xeral.

Tres. Os expendedores de tabaco e timbre, que terán que ser necesariamente persoas físicas, nacionais de calquera dos Estados da Unión Europea, configúranse

como concesionarios do Estado. Os expendedores non poderán estar incursos nin incorrer en ningunha das situacións previstas nas alíneas a e b do punto dous do artigo 1 desta Lei, non poderán ser titulares doutra expendedoría ou dun punto de venda con recarga nin poderán ter vinculación profesional ou laboral con calquera dos importadores, fabricantes ou distribuidores por xunto do mercado de tabaco, salvo que a dita vinculación finalice antes da adxudicación definitiva da expendedoría.

Catro. A concesión de expendedorías será adxudicada logo de convocatoria de concurso sobre bases non discriminatorias, obxectivas e transparentes, baseadas principalmente en criterios comerciais, de rendibilidade, de servizo público, de sanidade, de distancias entre expendedorías e de poboación, polo Ministerio de Economía e Facenda, ó que corresponderá tamén, se é o caso, a súa revogación, logo de informe en ámbolos dous supostos do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Cinco. Non obstante o previsto no punto catro anterior, correspóndelle ó Comisionado outorgar autorizacións de puntos de venda con recarga de elaborados de tabaco a persoas ou entidades, nas condicións que se fixen regulamentariamente, que deberán respectar os principios de publicidade e concorrência. Os titulares de autorización para a venda con recarga deberanse fornecer necesariamente ós prezos de tarifa, na expendedoría do termo municipal ou, se ó o caso, entidade local menor de que se trate e que para tal efecto e en cada caso sexa asignada, por petición do titular do punto de venda con recarga, de entre as tres máis próximas ó lugar que se pretende servir. Regulamentariamente determinarase a forma e modo de realización da venda con recarga nos puntos autorizados, mesmo mediante o emprego de máquinas expendedoras automáticas.

Seis. A concesión instrumentarase conforme un prego concesional que establecerá as condicións do contrato, incluído o canon ou prestación patrimonial de carácter público que satisfará o concesionario. O importe do canon, baseado en criterios de poboación e de volume de negocios, determinarase nas Leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado. As bases do concurso, as cláusulas-tipo dos pregos concesionais, as condicións comprendidos os requisitos persoais esixidos — e obrigas do exercicio da actividade de venda ó retallo e da transmisión de expendedorías a favor do cónxuxe ou familiares en liña recta ou colateral, ata o terceiro grao do concesionario, as causas de revogación da concesión e, en xeral, todo o relativo ó estatuto concesional serán obxecto de regulación por vía regulamentaria.

Sete. Fíxase no 8,5 por 100 sobre o prezo de venda ó público a marxe dos expendedores polas súas vendas de elaborados de tabaco, que obrigatoriamente terán de ser adquiridas dalgún dos distribuidores por xunto autorizados, calquera que sexa o prezo ou clase delas, a súa orixe ou o distribuidor por xunto que as subministre. Non obstante o anterior, a venda de cigarros, en todo caso, suporá para o expendedor unha marxe do 9 por 100.

Oito. As expendedorías non se poderán identificar externamente con elementos propios, logotipos ou rótulos de ningún fabricante, marquista ou distribuidor concreto ou de calquera outro operador no mercado distinto das propias expendedorías. Terán de actuar con criterios eminentemente comerciais orientados para a mellor atención do servizo ó público no relativo a días e horarios de apertura e peche e para a suficiente e adecuada localización xeográfica das expendedorías, conforme o que dispoña o estatuto concesional e as normas regulamentarias.

Novo. Estará prohibida a comercialización de elaborados de tabaco, en calquera forma, nos locais e lugares onde exista a prohibición de fumar, salvo as excepcións que se sinalen regulamentariamente.

Artigo 5. *Do organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos.*

Un. Créase o Comisionado para o Mercado de Tabacos, que terá a natureza de Organismo Autónomo dos comprendidos nos artigos 45 e seguintes da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado.

Dous. O Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos terá personalidade xurídica propia, plena capacidade pública e patrimonio propio, actuará en réxime de Dereito Administrativo e estará adscrito ó Ministerio de Economía e Facenda a través da Secretaría de Estado de Facenda. Rexerase polo disposto na presente lei e disposicións que a desenvolvan; pola Lei 6/1997, do 4 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no exercicio das funcións públicas que na presente Lei se lle atribúen polo Real Decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, de aprobación do texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria, e pola Lei 13/1995, do 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas.

Tres. Sen prexuízo das competencias que por esta Lei o Estado reserva para si e que correspondan a órganos da Administración Xeral, o Comisionado para o Mercado de Tabacos exercerá as de carácter regulador e de vixilancia para salvagarda-la aplicación dos criterios de neutralidade e as condicións de libre competencia efectiva no mercado de tabacos en todo o territorio nacional.

En todo caso, as funcións do Comisionado non interferirán nos ámbitos competenciais que correspondan a outros órganos ou departamentos das administracións públicas en materia tributaria, alfandegaria, de represión do contrabando, sanitaria, agraria ou de supervisión da publicidade.

Catro. En particular, o Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos desenvolverá as seguintes funcións, nos termos que se determinen regulamentariamente:

a) Actuar como órgano de interlocución e relación cos distintos operadores do mercado de tabacos, xa foren fabricantes, importadores, distribuidores por xunto, expendedorías de tabaco e timbre ou puntos autorizados para a venda con recarga, e coas organizacións que os representen.

b) Vixiar que os diversos operadores, incluídos os retalistas, do mercado de tabacos actúen no marco que respectivamente lles corresponde segundo a presente Lei e o seu desenvolvemento regulamentario, exercendo para tal fin as facultades de inspeccións que sexan precisas.

c) Vixia-la calidade dos produtos ofrecidos, dos utilizados na súa elaboración e dos aditivos ou substancias incorporadas, sen prexuízo do respecto ó segredo da produción industrial. Igualmente, corresponderalle ó Comisionado a comprobación do contido e orzamentos das actividades de promoción e publicitarias.

d) Emitir informes sobre o cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 2, punto dous; 3, puntos dous e tres, desta Lei, para o establecemento de novos fabricantes, importadores ou distribuidores por xunto, e dos considerados nos puntos tres e catro do artigo 4, para o outorgamento e revogación de expendedorías de tabaco e timbre.

e) Autoriza-lo establecemento, en lugares distintos de expendedorías, de puntos de venda ó público con recarga, segundo o teor do establecido no artigo 4, punto cinco.

f) Exerce-la actividade de mantemento da Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre en materia de cambios e modificacións de localización, licenciamento de almacéns e outras actuacións conexas que sexan encomendadas ó Comisionado por vía regulamentaria.

g) Vixia-la efectiva aplicación dos criterios sanitarios sobre publicidade, consumo e calidade do tabaco, en colaboración coas demais Administracións públicas competentes salvo no que sexa competencia exclusiva de tales Administracións.

h) Desenvolve-las funcións a que se refire o artigo 6, punto dous da presente Lei.

i) Almacenar e custodiar os elaborados de tabaco apreñados e comisados en procedementos de contrabando e proceder á súa destrución.

j) Exerce-las funcións de arbitraje nos conflitos entre operadores que as partes lle encomenden, en canto non correspondan a outro órgano da Administración.

k) Recibi-las denuncias que se presenten por presunta violación dos principios e as regras de libre competencia no mercado de tabacos e remítalas ós órganos competentes para a súa tramitación e resolución.

l) Exerce-la potestade sancionadora nos termos previstos no artigo 71 desta Lei.

II) Elaborar estatísticas, preparar informes e formular propostas en materias do ámbito das súas competencias.

m) Xestiona-las recursos adscritos ó Comisionado a que se refire o punto oito do presente artigo.

n) Calquera outra que se lle atribúa legal ou regulamentariamente por non estar encomendada a outro órgano das Administracións públicas.

Cinco. O Presidente do Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos será nomeado e separado polo Ministro de Economía e Facenda. Corresponderalle a representación legal e a dirección do Organismo.

Seis. O persoal do Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos será funcionario ou laboral, nos mesmos termos que os establecidos para a Administración xeral do Estado.

Sete. 1. Existirá un Comité Consultivo do Comisionado en funcións de asistencia e asesoramento no que estarán representados os operadores de cada unha das fases do proceso de produción e distribución de elaborados do tabaco, os consumidores e as Administracións alfandegaria, tributaria, comercial, agroalimentaria e sanitaria na forma que determine o Estatuto do Comisionado. Especialmente deberá emitilo seu informe nos supostos previstos no punto catro, alínea d) dese mesmo artigo.

2. Así mesmo, créase unha Comisión Asesora da Produción, dentro do Comisionado, integrada polos sectores produtor e de elaboración de tabaco, importadores e exportadores, con funcións asesoras, nos termos que se sinalen regulamentariamente.

Oito. Anualmente o Comisionado elaborará o seu proxecto de orzamentos, que será obxecto de integración no anteproxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Os ingresos do Comisionado para o Mercado de Tabacos poderán provir das seguintes fontes:

a) A taxa que perciba pola realización de actividades que comporten prestacións de servizos, conforme o previsto no anexo da presente Lei.

b) Os produtos e rendas dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio.

c) O importe das multas impostas por infracción do establecido nesta lei.

d) As consignacións específicas que, se for o caso, lle sexan asignadas nos Orzamentos Xerais do Estado.

e) As transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.

f) Calquera outro recurso que se lle puidese atribuír.

Nove. O Goberno aprobará o Estatuto do Comisionado, que, de conformidade co previsto na presente Lei e na Lei 6/1997, do 14 de abril, regulará o réxime xurídico do Organismo, dos seus órganos de dirección e do seu persoal, desenvolverá as súas funcións, as normas de réxime interior e as de funcionamento, regulará o patrimonio e recursos económicos do organismo, así como o seu réxime patrimonial e de contratación e establecerá as disposicións de carácter orzamentario, contable e de control que lle serán de aplicación.

Dez. O Presidente do Comisionado para o Mercado de Tabacos, respectando o deber de sxiilo ou segredo imposto nas leis, poderá recadar dos operadores do mercado de tabacos os datos e documentación que precise para o exercicio das funcións encomendadas ó dito organismo autónomo pola presente Lei.

Artigo 6. *A actividade de promoción e de publicidade.*

Un. Os operadores do mercado de tabacos só poderán desenvolver as actividades de promoción e publicitarias previstas pola Lei 26/1984, do 19 de xullo, Xeral de Publicidade, e por outras leis e regulamentos coas limitacións establecidas pola normativa sanitaria.

Non obstante, para preservar o principio de igualdade dos expendedores na retribución establecida na Lei e o principio de neutralidade na rede retallista, non se poderá realizar, en ningún caso, actividade de promoción de elaborados de tabaco destinada ós expendedores e titulares de autorización de punto de venda con recarga, nin utilizar estes ou aqueles como vía ou instrumento para a entrega de incentivos dirixidos ó público, con excepción da información na rede, evitando deste xeito calquera tipo de presión de forma contraria ós principios sanitarios que presiden a loita contra o tabaquismo.

Dous. As campañas e plans de publicidade de elaborados de tabaco comunicaránse antes do seu inicio ó Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos, quen, no prazo dos sete días seguintes á comunicación, poderá, se considera fundadamente que non se axustan ós principios xerais establecidos nas leis, suspender o seu desenvolvemento, dando traslado das actuacións ó órgano competente en materia sanitaria ou, se for o caso, ó órgano administrativo ou xurisdiccional que proceda.

Artigo 7. *Infraccións e sancións.*

Un. Constitúen infraccións, para os efectos desta Lei, os actos ou omisións dos suxeitos que interveñan no mercado de tabacos que supoñan unha vulneración sancionable do réxime xurídico das actividades reguladas na presente Lei.

Dous. A competencia para a instrución dos expedientes de infracción e para a imposición das sancións correspondentes rexeráse polas seguintes regras:

a) A iniciación dos expedientes sancionadores será realizada, de oficio ou por instancia de parte, polos servizos do Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos.

b) A instrución dos expedientes corresponderá igualmente ós servizos do Comisionado, dándosele audiencia previa ó interesado antes de formula-la proposta de resolución que proceda.

c) A imposición das correspondentes sancións corresponderalle ó Presidente do Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos, excepto nos

casos de sancións por infraccións moi graves en que será competente o Secretario de Estado de Facenda.

Tres. 1. Constitúen infraccións moi graves:

a) O abandono por parte dos expendedores da súa actividade, a cesión da expendedoría de forma ilegal, a aceptación de retribucións non autorizadas legalmente, a venda a prezos distintos dos fixados legalmente ou realiza-lo transporte, entrega ou venda do tabaco fóra da expendedoría, así como o traslado do lugar de venda sen a debida autorización.

b) A aceptación de retribucións non autorizadas ou a venda a prezos distintos dos establecidos nos puntos de venda con recarga.

c) O ofrecemento polos fabricantes, importadores, marquistas e distribuidores por xunto, por si ou mediante os seus axentes ou representantes ou por terceiros, ós expendedores, ou ós puntos de venda con recarga, ou a aceptación por estes dous últimos dunha marxe, directa ou indirecta, distinta á fixada pola Lei.

d) O ofrecemento polos fabricantes, importadores, marquistas ou distribuidores por xunto, por si ou mediante os seus axentes ou representantes, ás organizacións representativas dos expendedores autorizados para a venda con recarga, de retribucións, convenios ou acordos que pretendan influír na súa obrigada neutralidade.

2. Constitúen infraccións graves:

a) O incumprimento por parte dos expendedores das obrigas que no seu estatuto concesional fagan referencia ós días e ó horario de apertura do establecemento, á obrigatoriedade de xestión persoal directa e de residencia no lugar, a tenza do nivel mínimo de existencias reclamado polo servizo público e á inobservancia das condicións de subministración a particulares ou ós puntos de venda con recarga.

b) A discriminación por parte dos expendedores en vitrinas ou escaparates de produtos, marcas ou fabricantes e a inclusión de logotipos, rótulos ou elementos identificativos de fabricantes, marquistas ou distribuidores concretos.

c) A ausencia reiterada nos puntos de venda con recarga de existencias dos elaborados máis demandados, así como a inclusión de logotipos, rótulos ou elementos identificativos de fabricantes, marquistas ou distribuidores concretos.

d) O falseamento ou a falta de comunicación inxustificada, dentro dos prazos que fixe o Presidente do Comisionado para o Mercado de Tabacos, dos documentos, datos ou informacións que deban proporcionarlos operadores para os fins propios do Comisionado segundo o teor do establecido no artigo 5, punto dez ou dos proxectos de campañas e plans de publicidade a que se refire o artigo 6, punto dous, ou da documentación e orzamentos das promocións realizadas, previstos no artigo 5, punto catro, alínea c).

e) A negativa dos distribuidores por xunto a subministraren elaborados de tabaco nos termos dispostos nos parágrafos catro e cinco do artigo 3, salvo causa xustificada. Para estes efectos considérase causa xustificada, entre outras que se puidesen acreditar ante o Comisionado para o Mercado de Tabacos, a existencia reiterada de pagamentos pendentes ó distribuidor, por importe superior á media mensual do total das vendas realizadas polo expendedor no ano inmediatamente anterior.

f) A resistencia, negativa ou obstrución á acción inspectora do Comisionado para o Mercado de Tabacos respecto do cumprimento polos suxeitos intervinientes no sector das obrigas que lles impón a presente Lei.

g) A obtención ou subministración de elaborados de tabaco por provedores distintos dos autorizados can-

do tales accións non sexan cualificadas polos órganos competentes como delitos ou infraccións de contrabando.

3. Constitúen infraccións leves:

a) O incumprimento por parte dos expendedores das normas sobre atención ó público establecidas no estatuto concesional da Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre.

b) A ausencia de exhibición en sitio visible, por parte dos expendedores e das persoas ou entidades autorizadas para a venda con recarga, das tarifas oficiais de prezos ou dos documentos acreditativos da concesión ou a autorización.

c) Calquera outra infracción do réxime xurídico da actividade de venda ó retallo tipificada no Estatuto Concesional como actuación negligente na prestación do servizo e non configurada como infracción moi grave ou grave.

d) Calquera outra infracción do previsto nesta Lei por calquera dos operadores no mercado de tabacos non tipificada como infracción grave ou moi grave.

Catro. As infraccións a que se refire esta Lei serán sancionadas na forma seguinte:

a) As infraccións moi graves, coa revogación da concesión ós expendedores e da autorización ós puntos de venda con recarga, ou coa cancelación da licenza ós fabricantes, importadores ou distribuidores por xunto, ou con multa entre 20 e 50 millóns de pesetas, coa excepción establecida na alínea d) seguinte.

b) As infraccións graves, con suspensión temporal do exercicio da concesión ou da autorización de venda con recarga, polo prazo de ata seis meses, con multa desde 2 ata 20 millóns de pesetas, coa excepción establecida na alínea d) seguinte.

c) As infraccións leves, con multa de ata 2 millóns de pesetas, coa excepción establecida na alínea f) seguinte.

d) No caso dos establecementos autorizados para a venda con recarga, as multas serán de ata 100.000 pesetas, entre 100.000 e ata 500.000 pesetas, ou entre 500.000 e ata 2.000.000 pesetas segundo se trate respectivamente de infraccións cualificadas de leves, graves ou moi graves.

Cinco. As sancións económicas graduaranse atendendo á transcendencia económica e social das infraccións cometidas, ó ánimo de se prevaler de vantaxes competitivas fronte a outro suxeito do sector, ó lucro obtido coa acción infractora e á comisión previa dunha ou máis infraccións desta Lei.

Disposición adicional primeira.

A partir da entrada en vigor desta Lei extinguirase a Delegación do Goberno no Monopolio de Tabacos e, simultaneamente, constituirase o Organismo autónomo denominado Comisionado para o Mercado de Tabacos. As competencias de carácter regulador que actualmente ostenta a Delegación do Goberno no Monopolio, coas adaptacións requiridas pola presente Lei, asignaráselle ó Comisionado do Mercado de Tabacos; as funcións administrativas que subsistan atribuiráselle ó órgano do Ministerio de Economía e Facenda que se determine regulamentariamente. Producida a substitución dos ditos órganos, toda referencia legal ou regulamentaria á Delegación do Goberno no Monopolio de Tabacos entenderase feita ó Comisionado para o Mercado de Tabacos.

Disposición adicional segunda.

O persoal que preste os seus servizos na Delegación do Goberno no Monopolio de Tabacos ó aprobarse a presente lei, integrárase automaticamente no Comisionado para o Mercado de Tabacos se xa tivese carácter laboral; ou persoal funcionario, igualmente, integrárase no citado Organismo autónomo en posto inicial de cometido análogo e remuneración similar ó desempeñado ata o de agora, quedando na situación de servizo activo no seu corpo ou escala de procedencia.

Disposición adicional terceira.

A estrutura organizativa inicial do Comisionado para o Mercado de Tabacos estará constituída pola establecida na relación de postos de traballo e catálogo de persoal laboral da Delegación do Goberno no Monopolio de Tabacos no momento da entrada en vigor da presente Lei.

Disposición adicional cuarta.

Os concursos que se convoquen para a adxudicación de expendedorías a partir da entrada en vigor da presente Lei axustaranse ós criterios establecidos nos puntos tres, catro e seis do artigo 4.

Disposición adicional quinta.

O procedemento sancionador das infraccións previstas nesta lei rexerase, en canto non sexa obxecto de desenvolvemento regulamentario, polo disposto no Real decreto 1394/1993, do 4 de agosto, de Procedemento Sancionador, no que non se opoña á presente lei.

Disposición adicional sexta.

1. «*Tabacalera, Sociedad Anónima*» continuará a xestionar-lo monopolio de distribución por xunto do timbre do Estado e Signos de Franqueo durante o prazo de catro anos a partir da data de entrada en vigor da presente lei, manténdose a comisión de «*Tabacalera, Sociedad Anónima*» no 6 por 100 da venda destes efectos, no que se inclúe a comisión dos expendedores de tabaco e timbre, que ascenderá ó 4 por 100 do referido importe. Transcorrido o prazo de catro anos, o Consello de Ministros, por proposta do Ministro de Economía e Facenda, encomendaralle a unha entidade pública ou privada a administración de monopolio de distribución por xunto de Signos de Franqueo ou de Efectos Timbrados, ou de ambos, e ficará obrigado quen resulte adxudicatario do contrato de distribución a garanti-la subministración regular e suficiente ás expendedorías de tabaco e timbre.

2. Á entrada en vigor da presente Lei entenderanse outorgadas a «*Tabacalera, Sociedad Anónima*» as licencias para o desenvolvemento das actividades de fabricación, importación e distribución por xunto de elaborados de tabaco.

3. Entenderanse tamén outorgadas tales licencias de importación e distribución por xunto ás entidades que dispoñan delas na data de entrada en vigor da presente Lei.

Disposición adicional sétima.

1. Continuarán subsistentes as actuais autorizacións e concesións de expendedorías de réxime especial outorgadas ó abeiro da normativa anterior ou alfandegaria, así como as outorgadas a establecementos auto-

rizados para a venda de elaborados de tabaco libre de impostos, aínda que perdan con posterioridade este carácter. O Goberno, por proposta do Ministro de Economía e Facenda, desenvolverá o dito réxime especial e, se for o caso, introducirá as modificacións que resulten precisas, sen que en ningún caso se poidan outorgar novas autorizacións ou concesións deste tipo ou modificarse as existentes.

2. A concesión das expendedorías de tabaco e timbre dos centros penitenciarios entenderase outorgada, por ministerio da Lei, ó Organismo autónomo Traballo e Prestacións Penitenciarias ou ó Organismo autonómico competente ó que se lle atribúa a xestión pública deste tipo de establecementos. O réxime desta modalidade concesional establecerase regulamentariamente.

Disposición adicional oitava.

O Ministerio de Economía e Facenda elaborará no prazo de doce meses contado desde a entrada en vigor desta Lei un informe sobre o ciclo completo do contrabando de elaborados de tabaco, que comprenderá, entre outros aspectos, a análise da súa orixe, mesmo a produción do tabaco, fabricación dos elaborados de tabaco, autorización, se é o caso, para o uso de marcas determinadas, distribución por xunto e transporte, quer en circuitos legais quer ilícitos, os suxeitos intervenientes, as canles e mecanismos utilizados, beneficios obtidos e por quen, así como os efectos e incidencias do dito contrabando no ámbito a que se refire a presente Lei e no marco de competencias do Ministerio de Economía e Facenda, incluídas as vertentes alfandegaria e tributaria. O informe conterá unha formulación expresa de conclusións e propostas concretas de medidas de toda índole e en relación con calquera tipo de suxeito actuante no mercado de tabacos, que se adoptarán para facer fronte ó contrabando de elaborados de tabaco coa maior eficacia. Como un dos medios de achegar datos para a redacción do referido informe, constituirase no Comisionado para o Mercado de Tabacos un grupo de traballo permanente que, incorporando representantes dos fabricantes de tabaco nacionais e estranxeiros, analice as medidas e accións máis eficaces para a erradicación do contrabando, utilizando para o efecto cantos datos e antecedentes poidan ser solicitados en relación cos produtos aprehendidos e cos circuitos comerciais utilizados como vía de penetración dos produtos de contrabando. O citado grupo de traballo, que poderá requirir-lo concurso dos demais suxeitos que interveñen no mercado de tabacos, independentemente de se constituír con carácter permanente, con obxecto de promover a colaboración dos fabricantes na loita contra o contrabando, emitirá as súas primeiras conclusións e dará traslado delas e dos compromisos adoptados ó Ministerio de Economía e Facenda no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta Lei. A falta de colaboración por parte dos suxeitos requiridos para iso polo Comisionado será sancionada como infracción grave, de acordo co previsto no artigo 7, tres, 2, alínea d), da presente Lei.

O Ministerio de Sanidade e Consumo elaborará, en igual prazo, un informe relativo ós aspectos sanitarios dos elaborados de tabaco de contrabando.

De ámbolos informes darase conta á Comisión de Economía, Comercio e Facenda do Congreso dos Deputados.

Disposición transitoria primeira.

Os que sexan titulares dunha expendedoría de tabacos e efectos timbrados á entrada en vigor da presente Lei deberán acomoda-la súa actuación ó que se estableza

no Estatuto Concesional que aprobe o Goberno, sen que lle sexa de aplicación, en cambio, o canon que se dispoña, conforme o establecido no artigo 4, punto seis, para as futuras concesións, salvo nos casos de cambio ou modificación de localización e, en xeral, de novación da concesión.

Disposición transitoria segunda.

Os acordos ou convenios a que se refire o punto seis do artigo 3, vixentes á entrada en vigor da presente Lei deberanse someter á aprobación do Comisionado no prazo máximo de tres meses contados desde a entrada en vigor desta Lei.

Disposición transitoria terceira.

En canto non se constituía o Comisionado para o Mercado de Tabacos e o seu Comité Consultivo, a que se refire o artigo 5 desta Lei, manterá a súa composición e competencias a Comisión Asesora regulada no apartado 3 do artigo 16 do Real Decreto 1738/1986, do 12 de decembro, e as súas normas de desenvolvemento.

Disposición transitoria cuarta.

Pasados seis meses desde a entrada en vigor desta lei, e para os efectos da tipificación da infracción prevista no artigo 7, punto tres, número 2, alínea c), consistente na inclusión por parte dos puntos de venda con recarga de logotipos, rótulos ou elementos identificativos de fabricantes, marquistas ou distribuidores concretos, o mantemento dos logotipos, rótulos ou elementos identificativos referidos equivalerá, para tódolos efectos, á súa inclusión.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas a Lei 38/1985, do 22 de novembro, do Monopolio Fiscal de Tabacos; o segundo parágrafo da disposición derogatoria segunda da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de Impostos Especiais, e as demais que se opoñan ó disposto na presente Lei.

Disposición derradeira primeira.

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións regulamentarias precisas para o desenvolvemento desta Lei e para actualiza-la contía das sancións, así como para establecela Estatuto do Comisionado para o Mercado de Tabacos e o Estatuto Concesional da Rede de Expendedorías de Tabaco e Timbre. En canto isto non se produza, seguirán en vigor as disposicións regulamentarias dictadas con anterioridade á data de entrada en vigor da presente Lei.

O primeiro desenvolvemento regulamentario e o establecemento dos estatutos a que se refire o parágrafo anterior deberao efectualo Goberno no prazo máximo de seis meses, desde a entrada en vigor desta Lei.

Disposición derradeira segunda.

Autorízase o Ministro de Economía e Facenda para adscribir ó Organismo autónomo Comisionado para o Mercado de Tabacos os bens patrimoniais que resulten precisos, así como para acorda-las modificacións orzamentarias que se deriven do disposto na presente Lei.

Disposición derradeira terceira.

A presente Lei non comportará por si mesma ningunha modificación do establecido na Lei Orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de Represión do Contrabando, nin das actuais restriccións sanitarias en materia de publicidade e venda de tabacos.

Disposición derradeira cuarta.

1. Esta lei entrará en vigor ós vinte días da súa completa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. A prohibición contida no artigo 6, punto nove, relativa á comercialización de elaborados de tabaco, en calquera forma, nos locais e lugares onde exista a prohibición de fumar, entrará en vigor co primeiro desenvolvemento regulamentario desta Lei e, en calquera caso, ós seis meses da súa vixencia.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de maio de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO**Taxa á que se refire o artigo 5, oito, a), da Lei de Ordenación do Mercado de Tabacos****1. Feito imponible:**

A existencia da taxa vén determinada pola prestación ós operadores do mercado de tabacos dos servizos seguintes:

a) A comprobación do cumprimento dos requisitos para a concesión de licencias a fabricantes, importadores e distribuidores por xunto previstos nos artigos 2, punto dous, artigo 3, punto dous e tres da Lei.

b) A comprobación do cumprimento das condicións requiridas para o outorgamento da concesión de expendedorías de tabaco e timbre a que se refire o artigo 4, punto catro, da Lei.

c) A autorización de puntos de venda con recarga de elaborados de tabaco a que se refire o artigo 4, punto cinco da Lei, así como a renovación de tal autorización.

d) O recoñecemento e homologación de locais e almacéns con ocasión do cambio ou modificación da situación, xa sexan definitivos ou temporais, de expendedorías e a revisión de instalacións para o caso de transmisión da súa titularidade, segundo se estableza, conforme o teor do artigo 4, punto seis, da lei, no Estatuto Concesional, así como nos supostos de realización de obras e autorización de almacéns.

2. Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos:

a) Os fabricantes, importadores e distribuidores por xunto que insten a concesión de licencia para o desenvolvemento de tales actividades respecto de tabacos elaborados.

b) Os solicitantes que concorran ós concursos para a adjudicación de expendedorías de tabaco e timbre.

c) As persoas físicas e xurídicas a favor das cales se outorguen as autorizacións de venda con recarga ou as súas renovacións.

d) Os concesionarios que insten o obrigatorio recoñecemento, homologación e revisión de locais e alma-

céns con ocasión do cambio ou modificación de situación, transmisión de expendedorías e autorización de obras ou almacéns.

3. Tarifas:

A taxa por prestación de servizos ós operadores do mercado de tabacos esixirase conforme as tarifas seguintes:

Tarifa 1.^a Concesión de licencias de fabricación, importación e distribución por xunto.

Clase 1.^a Comprobación de requisitos para a fabricación:

Cota de clase única: 5.000.000 pesetas.

Salvo para os fabricantes artesanais de cigarros, para os que a cota será de 1.000.000 pesetas.

Clase 2.^a Recoñecemento de almacéns importadores:

Cota de clase única: 200.000 pesetas.

Clase 3.^a Comprobación de condicións para a distribución por xunto:

Cota de clase única: 2.000.000 pesetas.

Tarifa 2.^a Solicitud de concesión de expendedorías de tabaco e timbre:

Cota de clase única:

a) Situadas en municipios de máis de 100.000 habitantes e capitais de provincia: 30.000 pesetas.

b) En municipios de máis de 10.000 e menos de 100.000 habitantes: 20.000 pesetas.

c) En municipios ata 10.000 habitantes: 15.000 pesetas.

Tarifa 3.^a Concesión e renovación de autorizacións de venda con recarga:

Cota clase única: 30.000 pesetas por cada período trienal de autorización ou renovación.

Tarifa 4.^a Traslados, transmisións, modificacións, recoñecementos, revisións e autorizacións de ou en expendedorías:

Clase 1.^a Recoñecemento de locais en caso de cambios de situación ou modificación de expendedorías, impliquen ou non transmisión da titularidade:

a) Situadas en municipios de máis de 100.000 habitantes e capitais de provincia: 60.000 pesetas.

b) En municipios de ata 100.000 habitantes: 50.000 pesetas.

c) De expendedorías complementarias, en todo caso, 30.000 pesetas.

Clase 2.^a Revisión de instalacións en caso de transmisión de titularidade que non implique cambio de situación. Recoñecemento de locais en caso de cambio ou modificación temporais de situación. Autorización de obras ou almacéns:

Cota de clase única: 25.000 pesetas.

4. Devengo:

As taxas devengaranse, segundo os casos, no momento de o Comisionado para o Mercado de Tabacos realiza-la comprobación das condicións para o outorgamento da licencia de fabricación, importación ou comercialización por xunto, de deposita-las instancias para o concurso de concesión de expendedorías, de acordarse a autorización ou renovación da actividade de venda con recarga ou de dictarse o acto de homologación das instalacións.

5. Destino:

O importe do recadado por esta taxa formará parte do Orzamento de Ingresos do Comisionado para o Mercado de Tabacos.

6. Órgano xestor:

A administración, liquidación e notificación da taxa exerceraa o Comisionado para o Mercado de Tabacos e as demais funcións relativas á súa xestión e recadación corresponderán ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas que levan a efecto estes servicios.

7. Revisión do importe da taxa:

A contía das tarifas previstas nesta Lei poderá ser modificada polas Leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado.

8. Normativa supletoria:

Serán de aplicación á taxa, en todo o non previsto na presente Lei, os preceptos da Lei 230/1963, do 28 de decembro, Xeral Tributaria, e da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, que resulten procedentes.

10844 *REAL DECRETO-LEI 3/1998, do 8 de maio, polo que se establecen as retribucións dos Maxistrados do Tribunal Supremo, en cumprimento do disposto no artigo 404 bis da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, engadido pola Lei Orgánica 5/1997, do 4 de decembro, e apróbase o correspondente suplemento de crédito por importe total de 609.680.793 pesetas para o seu financiamento.* («BOE» 111, de 9-5-1998.)

A Lei Orgánica 5/1997, do 4 de decembro, de reforma da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, introduciu nesta un novo artigo, 404 bis, no que se establece que as remuneracións dos Maxistrados do Tribunal Supremo se fixarán en contía similar á dos titulares doutros Altos Organos Constitucionais, atendendo á natureza das súas funcións.

A disposición transitoria cuarta da Lei Orgánica 5/1997, do 4 de decembro, de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial, establece que nos Orzamentos Xerais do Estado para 1998 se consignarán os créditos necesarios para atende-las retribucións dos Maxistrados do Tribunal Supremo e facer efectivo o disposto no artigo 404 bis da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aprobada a Lei 65/1997, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1998, sen se ter consignado nela os créditos precisos para dotar orzamentariamente o novo sistema de remuneracións, co fin de lles dar cumprimento ós anteriores mandatos, cómpre proceder a:

Fixar mediante unha norma con rango adecuado as retribucións correspondentes ós Maxistrados do Tribunal Supremo e membros da Carreira Fiscal equiparados.

Dota-los créditos correspondentes cos que dar cobertura orzamentaria ó incremento retributivo.

Dado que o pagamento das retribucións non se pode facer sen a existencia da norma que orixina estas obrigas, considérase que se dan as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade ás que fai referencia o artigo 86 da Constitución Española.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do Vicepresidente Segundo do Goberno e Ministro de Economía e Facenda e da Ministra de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de maio de 1998,

DISPONGO:

Artigo 1. *Réxime retributivo en aplicación do disposto no artigo 404 bis da Lei Orgánica do Poder Xudicial.*

En cumprimento do previsto no artigo 404 bis da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da disposición transitoria cuarta da Lei Orgánica 5/1997, do 4 de decembro, de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial, as retribucións polo concepto de complemento de destino para o ano 1998 para os presidentes de Sala do Tribunal Supremo, Presidente da Audiencia Nacional, Maxistrados do Tribunal Supremo e Presidentes de Sala na Audiencia Nacional, e membros da Carreira Fiscal (artigos 34 e 35 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, aprobado pola Lei 50/1981, do 30 de decembro), a que se refiren os apartados seguintes, fíxanse nas contías que se especifican a seguir, quedando modificadas as que figuran para os mesmos por este concepto no artigo 27 da Lei 65/1997, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1998:

	Importe pesetas
Presidentes de Sala do Tribunal Supremo e Presidente da Audiencia Nacional (Maxistrado do Tribunal Supremo).	12.362.853
Maxistrados do Tribunal Supremo e Presidentes de Sala en la Audiencia Nacional (Maxistrados do Tribunal Supremo)	12.151.197
Tenente Fiscal do Tribunal Supremo	12.362.853
Fiscais de Sala do Tribunal Supremo	12.151.197
Fiscal Inspector, Fiscal Xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional, Fiscal Xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional	12.362.853
Fiscais Xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica do Fiscal Xeral do Estado e das Fiscalías Especiais para a prevención e represión do tráfico ilegal de drogas e para a represión dos delitos económicos relacionados coa corrupción	12.151.197

Artigo 2. *Concesión do suplemento de crédito.*

Concédeselle un suplemento de crédito por importe de 609.680.793 pesetas á Sección 13 «Ministerio de Xustiza», Servicio 02 «Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza», Programa 142A «Tribunais de Xustiza e Ministerio Fiscal», Capítulo I «Gastos de Persoal», artigo 10 «Altos Cargos», Subconcepto 100.01 «Outras remuneracións», para satisfacer retribucións dos Maxistrados do Tribunal Supremo e membros do Ministerio Fiscal equiparados a estes.

Artigo 3. *Financiamento do suplemento de crédito.*

O suplemento de crédito ó que se refire o artigo anterior financiarase con Débeda Pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei Xeral Orzamentaria, aprobado por Real Decreto Legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.